

A Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarca, coa colaboración da Deputación da Coruña, ven a celebrar un concurso de monólogos nos establecementos de hostalería asociados.

Elabora o teu monólogo, participa e poderás conseguir:

1º premio: 300 € + Bono fin de semana turismo rural (aloxamento e bono gastronómico).

2º premio: 200 € + Bono noite turismo rural.

3º premio: 100 € + Bono gastronómico.

Ademais, o publico que participe nas votacións participará no sorteo dun bono de fin de semana de turismo rural!!!

Teléfono de información  
981 350 892

Mail  
monolobar@gmail.com

Seguro  
que che interesa!!!



# BASES CONCURSO MONOLOBAR



1. Pódense presentar ao concurso os maiores de 18 anos.
2. O tema versará sobre a hostalería, será cómico e o guión será orixinal.
3. Por persoa pódense presentar entre un e tres monólogos.
4. O monólogo debe durar entre 5 e 20 minutos.
5. Inscribirse, é DE BALDE!
6. Para participar hai que cubrir unha ficha de inscrición que se pode atopar neste folleto ou nos establecementos que participen no concurso e entregala na sede da Asociación de Hostalería de Ferrolterra, rúa Real, nº 73/75. A inscrición tamén se pode facer por e-mail, mandando un correo á dirección [monolobar@gmail.com](mailto:monolobar@gmail.com) co asunto "Inscrición Monólogo" e cos seguintes datos: nome, apelidos, DNI, data de nacemento, localidade, e-mail e teléfono.
7. Hai 15 días para inscribirse, do día 11 de setembro do 2009 ao 25 de setembro do 2009.
8. A organización porase en contacto cos inscritos vía e-mail ou telefónica, para indicarlles onde teñen que enviar os seus monólogos.
9. Tamén é posible inscribirse e enviar o monólogo nun só paso, para o que se deben facer chegar os datos de inscrición e o monólogo á dirección [monolobar@gmail.com](mailto:monolobar@gmail.com), indicando no asunto "Monólogo".
10. Os monologuistas serán avisados mediante chamada de teléfono por parte da organización do lugar, hora e data das actuacións.
11. Será a través de carteis publicitarios como se anuncie para o público, o lugar e data das actuacións dos monologuistas.

12. Existirá unha fase previa de selección por parte da organización que se reserva o dereito de desestimar os monólogos.

13. Haberá uns carteis que anuncien as actuacións dos monologuistas en cada un dos establecementos hostaleiros que participan no concurso.

14. As actuacións realizaranse nos establecementos hostaleiros, onde o público asistente será o xurado que votará mediante unha ficha que introducirá nunha urna.

15. Una vez que rematen as actuacións dos monologuistas, e recollidos todos os votos, procederase a recontalos.

16. Os monologuistas que queden nos 5 primeiros postos, pasarán á fase final do concurso.

17. Na fase final actuarán os cinco monologuistas elixidos e un monologuista invitado.

18. Os membros do xurado da fase final serán: un membro da Concellaría de Cultura do Concello de Ferrol, un da Asociación e un artista invitado.

19. Os monologuistas gañadores serán tres e se sacarán polo xurado en orde descendente de posto (3º, 2º e 1º).

20. Haberá os seguintes tres premios:  
1º premio: 300 € + Bono fin de semana turismo rural (aloxamento e bono gastronómico).  
2º premio: 200 € + Bono noite turismo rural.  
3º premio: 100 € + Bono gastronómico.

21. Os concursantes eximen á organización do plaxio ou calquera transgresión da normativa vixente en materia de propiedade intelectual en que poida incurrir.

22. O feito de participar neste concurso implica a aceptación de todas as bases, así como a decisión do xurado.

23. A organización resérvase o dereito a introducir algunha modificación ou variar algunha das datas previstas se o considera necesario para a boa marcha do concurso.

# BASES CONCURSO BONO TURISMO RURAL

1. No momento da votación o público poderá inscribirse para entrar nun sorteo de bonos de fin de semana de turismo rural (aloxamento e bono gastronómico).
2. Serán os donos dos establecementos os que se encarguen de repartir entre os seus clientes as fichas para que poidan votar e entrar no sorteo dos bonos de turismo rural.
3. Na fase final do concurso será un membro do xurado o que saque a ficha da persoa agraciada co bono de fin de semana de turismo rural.
4. A persoa do público agraciada no sorteo deberá estar presente para poder levarse o agasallo.

AQUÍ TES A TÚA FICHA DE INSCRICIÓN!

Cúbrea e déixaa na sede da Asociación de Hostalería de Ferrolterra (rúa Real, nº 73/75).

INSCRÍBETE, É DE BALDE!

## FICHA DE INSCRICIÓN

Nome:  
.....

Apelidos:  
.....

DNI:  
.....

Data de nacemento:  
.....

Localidade:  
.....

E-mail:  
.....

Teléfono:  
.....